5. Orientámonos.

Pérdicheste algunha vez? Para poder atopat o camino é moi importante saber orientarse.

Que son os puntos cardinais?

Grazas á rosa dos ventos e aos puntos cardinais podemos orientarnos no espazo.

Os puntos cardinais son as direccións que utilizamos para orientarnos. Son catro: norte (N), sur (S), leste (L) e oeste (O).

Para poder orientarse nun lugar, hai que localizar polo menos un dos puntos cardinais.

O principal é o NORTE, e como punto de referencia a agulla do compás sempre apunta cara el.

Despois está o leste (L) ou ORIENTE, por onde sae o sol. E o oeste (O) ou PONIENTE, por onde se agocha/ponser o sol no mar (isto nunca cambia).



A rosa dos ventos.

Para que serve?

A rosa dos ventos serve para ver, ler e interpretar mapas ou planos.
A súa función é indicar unha dirección.

Úsase para sinalar os catro puntos cardinais: N, S, L e O.
Cando só se coñece un destes puntos, os outros pódense ubicar espacialmente.

Onde podemos atopala?

A rosa dos ventos está no centro dos compases, en mapas e planos, e úsase para a navegación e a orientación.

Por que se chama a si?

Chámase así porque as direccións puntiagudas parecen unha rosa cos seus pétalos abertos.
Orixinalmente a rosa dos ventos non tiña relación coa saísa do sol, senón coa dirección dos ventos.



6. Outras formas de orientarnos.

Localizamos os puntos cardinais

Cando estamos no campo, se non temos planos, nin mapas, nin compás, tamén podemos orientarnos.

Para iso, só temos que localizar os puntos cardinais (norte, sur, leste e oeste) de varias formas: observando a posición do sol, a vexetación das montañas, buscanso no ceo a estrela polar, ou ulizando instrumentos como o GPS ou o compás.

A posición do Sol

Permítenos orientarnos, pois sabemos que sae o sol polo leste e ponse polo oeste.

A estrela polar

Indica sempre o norte. Se a localizamos no ceo servirá para orientarnos.

O compás

É un instrumento que contén unha agulla imantada que xira indicando sempre o norte.

A vexetación

Nas montañas é máis abundante na zona avesesa, orientada ao norte, que na zona de solaina,, orientada ao sur.

O GPS

O sistema de posicionamento global, marca a nosa posición a partir da información que recibe desde satélites que hai no ceo.

1.A que punto cardinal apunta sempre o compás?

2. Se fose de noite, como poderías orientarte?

3. Además do mapa e do plano, con que outros instrumentos podes orientarte?

4. Se te perdes no bosque, como poderías orientarte?

5. Para que serve a rosa dos ventos?

6. Por que se chama así?

7. Mira o vídeo.

8. Axuda ao neno a orientarse!.



9. Mira este vídeo.

10. Ordena.

Indica sempre o norte. Se a localizamos no ceo servirá para orientarnos.

O sistema de posicionamento global, marca a nosa posición a partir da información que recibe desde satélites que hai no ceo.

É un instrumento que contén unha agulla imantada que xira indicando sempre o norte.

Permítenos orientarnos, pois sabemos que sae o sol polo leste e ponse polo oeste.

Nas montañas é máis abundante na zona avesesa, orientada ao norte, que na zona de solaina,, orientada ao sur.